


PROPOSTAS DE ACTIVIDADES

Informarvos que hoxe modificaremos un pouco a dinámica das actividades porque o domingo celebramos o día das letras Galegas e algunhas das propostas van ao redor desta temática.

Asemblea: continuamos traballando os calendarios de maio como todos os días. E hoxe rematamos de presentar aos nenos/as da aula de Entenza, o nome da nosa compañeira é Carmen e xa ten 4 anos. Facemos o acróstico co seu nome na seguinte ficha (podédelo atopar no outro documento e as familias que non poidan imprimir poden realizar a actividade nun folio ou caderno).



Letras galegas: este domingo celebramos o día das letras galegas que este ano dedícaselle a Ricardo Carvalho Calero, no seguinte vídeo podedes aprender un pouquiño máis sobre a súa vida e obra “Vida e obra de Ricardo Carvalho Calero” (<https://youtu.be/nwhKFNhemxY>).


Ricardo Carvalho Calero escribiu un conto infantil titulado “As pitas baixo a choiva”, déixovos dúas ligazóns onde podedes ver este conto.

- “As pitas Baixo a choiva”. Letras galegas 2020 (<https://youtu.be/8VrdvVwY1rA>)
- Infantil conta “As pitas baixo a choiva” (<https://youtu.be/0aID8R7ciJU>)

Unha vez rematado de mirar o conto podedes facer as seguintes actividades. Na primeira ficha tedes que escribir as vogais do nome do escritor ao que se lle dedica este ano o día da Letras Galegas e colorear a súa caricatura.

E na segunda ficha tedes que colorear o galo do conto “As pitas baixo a choiva” seguindo as instrucións dadas.

LETRAS GALEGAS 2020



R C R D

C R V L H

C L R

ESCRIBIR AS VOGAIS DO NOME DO HOMENAXEADO E
COLOREAR A SÚA CARICATURA.

LETRAS GALEGAS 2020

“AS PITAS BAIXO A CHOIVA”




COLOREAR O GALO SEGUNDO AS SEGUINTE INSTRUCCIÓN:

A CRISTA DE COR VERMELLA, AS PLUMAS DA COLA DE COR VERDE, AZUL E AMARELA, AS BARBAS DE COR VERMELLA, O PEITO DE COR VERDE, AS PATAS DE COR GRIS, OS OLLOS DE COR NEGRA E O PETEIRO DE COR AMARELA.

Deixo os modelos no outro documento e as familias que non teñen impresora poden copiar a man o modelo nun folio ou caderno (aínda que entendo que hoxe é un pouco complicada copiar a ficha).


Lectoescritura: a partir de agora todos os venres vou deixar unha ficha de lectura (en minúsculas para @s alumn@s do equipo de 5 anos e en maiúsculas para que comecen a ler @s alumn@s do equipo de 4 anos). Neste curso escolar tiña programado comezar a ler c@s alumn@s de 4 anos no mes de abril pero debido ao estado de alarma foi imposible, por iso déixovos unha ficha de lectura en maiúscula para as familias que queiran comezar a ler cos seus fillos (algúns nen@s quizá aínda non estean preparad@s para comezar a ler, temos que respectar os seus ritmos de aprendizaxe e non obrigal@s).



Deixo as fichas de lectura no outro documento, pero non é necesario que imprimades a ficha de lectura, @s nen@s pódena ler no ordenador ou na tablet.



pa pe pi po pu
 Pa Pe Pi Po Pu
 papá, pie, mapa
 Mi papá ama a mamá.
 Mi papá me mimá.
 Pepe ama a papá.
 Papá ama a Pepa.

Alumn@s de 5 anos




PA PE PI PO PU
 PI PU PA PO PE


 PAPA PIE
 PÚA. PEPE.
 PEPE OIA PIIII

Alumn@s de 4 anos

E tamén a partir de agora todos os venres deixarei unha ficha para traballar a grafía da letra que estamos a traballar cada semana. Os alumn@s de 3 e 4 anos teñen que repasar as letras con rotulador e despois colorear o can. E @s alumn@s de 5 anos recortan as palabras e péganlas no lugar correspondente e rematan a actividade coloreando as imaxes.

Recorta las palabras y pegalas en su dibujo correspondiente.


Pp



pulpo	paloma	pollo	
pez	piña	pomo	
papá	pie	perro	puma

Alumn@s de 5 anos

1



Perro

P P P P P
 P P P P P
 P P P P P
 P P P P P

Alumn@s de 3 e 4 anos

Manualidade: o traballo manual que imos facer hoxe é un polbo, xa que esta semana estivemos a investigar sobre este animal mariño.

A manualidade é moi fácil, soamente teñen que colorear un tubo de papel hixiénico (con rotuladores, ceras ou témperas), despois recortan as patas do polbo (pola parte inferior do tubo), nelas debúxanlle uns círculos cun rotulador e rematamos de facer o polbo pegándolle uns ollos que os podemos facer nun folio branco.



Especialistas: lembraros que os venres visítanos a mestra de música (Soraya). Anímovos a entrar no seu apartado na web do centro, e realizar algunhas das actividades que ela vos propón.



Canción: para rematar de traballar o día das letras galegas propoñovos bailar e cantar a seguinte canción con toda a vosa familia.

A canción “Meu o mundo é” Brinca vai (<https://youtu.be/F1e0wAcXcgw>).